



Xornada

Narrativas da nova diáspora galega

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
10 de novembro de 2022



Esta xornada pretende explorar as ficcións culturais que xurdiron nos últimos anos arredor da nova vaga migratoria galega cara ao exterior a partir da crise económica de 2008. Neste encontro participarán investigadoras e investigadores de diferentes universidades europeas que, xunto con Anna R. Figueiredo e Xesús Fraga, debaterán sobre as numerosas manifestacións artísticas producidas por membros desta nova diáspora ou que aborden dalgún xeito este novo fenómeno migratorio a través da literatura, o audiovisual, a fotografía, a transmedia etc. Temas relacionados con conceptos como os de identidade, galeguidade, espazo, fogar, movemento ou dislocación servirán para achegarse ao xeito en que as narrativas da nova diáspora galega representan, ou auto-representan, esta realidade. Buscarase tamén reflexionar sobre o que está a acontecer fóra do circuíto convencional de distribución de produtos culturais, xa que hai novas prácticas artísticas e reivindicativas que chegan a través doutras plataformas que tamén son necesarias para analizar este novo fenómeno migratorio. Todas estas voces, tanto as que chegan dende o eido literario, audiovisual ou artístico en xeral como as que o fan dende a multimedia, son as que nos dan as claves para comprender cal é a dimensión que ten esta nova experiencia migrante na actualidade.

Programa

Sesión da mañá

9:15 horas
Presentación

9:30 horas
A narrativa galega e as novas diásporas: claves de lectura e desafíos pendentes

Dolores Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela

10:15 horas
Narrativas da nova diáspora galega ao Reino Unido: unha poética de exclusión

David Miranda-Barreiro, Bangor University

11:00 horas
Pausa

12:00 horas
Emigrantes de torna-viagem/transmigrantes: a diáspora a ambos os lados da raía

Ana Garrido González, Uniwersytet Warszawski

12:45 horas
Conversa entre **Anna R. Figueiredo** e **Xesús Fraga**

Sesión da tarde

16:00 horas
Identidades híbridas: a intermedialidade na nova diáspora galega

Antía Monteagudo, Universidade de Vigo

16:45 horas
Lectura feminista das figuras indóciles da migración

Helena González Fernández, Universitat de Barcelona

17:30 horas
A (in)mobilidade feminina na cultura audiovisual diaspórica

Catherine Barbour, Trinity College Dublin

18:15 horas
Conclusións e peche da xornada

Organiza

Consello da Cultura Galega
Arquivo da Emigración Galega (CCG)

Colabora

Secretaría Xeral de Emigración

Coordina

María Alonso Alonso

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:



Colabora

